

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

17245 *Real decreto 1628/2009, do 30 de outubro, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento de seguranza privada, aprobado polo Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro, e do Regulamento de armas, aprobado polo Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro.*

Recentes ataques sufridos por buques pesqueiros españois que desenvolven as súas actividades en augas sometidas a especiais situacións de risco para a vida e integridade dos seus tripulantes aconsellan a adopción de medidas destinadas a mellorar especificamente a seguranza das ditas embarcacións e das súas tripulacións, mediante o uso de medios adecuados e destinados á prevención e disuasión de posibles ataques. Estes ataques producíronse, en augas internacionais próximas ás costas de Somalia, mediante a utilización de armas de guerra, o que exige, en resposta á entidade e ao carácter da ameaza, a utilización dos medios de defensa e de prevención adecuados e proporcionados a eses modos de agresión.

A normativa sobre seguranza privada constitúe o marco adecuado que pode permitir o desenvolvemento de servizos de seguranza privada dos buques, afondando nun proceso, estendido en todas as sociedades da nosa contorna, de realización de actividades de seguranza por parte doutras instancias sociais e axentes privados. O artigo 4.2 da Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguranza privada, habilita o Ministerio do Interior para determinar as características e finalidades dos medios materiais e técnicos precisos para a prestación dos servizos de seguranza privada. Pola súa banda, o artigo 11 da mesma lei atribúe aos vixilantes de seguranza, entre outras funcións, as de exercer a vixilancia e protección de bens mobles e inmobles, así como a protección das persoas que se poidan encontrar neles. O artigo 14 establece que os vixilantes de seguranza só desenvolverán con armas de fogo as funcións de vixilancia e de protección de bens e de persoas que lles corresponden, nos supostos que regulamentariamente se determinen, e engade que a categoría das armas adecuadas para realizar os servizos de seguranza tamén se determinará regulamentariamente.

Por último, a disposición derradeira primeira da citada Lei 23/1992, do 30 de xullo, habilita o Goberno para determinar por vía regulamentaria, entre outras, as condicións que se deben cumprir na prestación de servizos e na organización de actividades de seguranza privada, as características que deben reunir os medios técnicos e materiais utilizados para tal fin, e as funcións, deberes e responsabilidades do persoal de seguranza privada.

En desenvolvemento e execución destas previsións da Lei de seguranza privada, cómpre modificar as correspondentes disposicións regulamentarias para permitir que a prestación da seguranza a bordo dos buques mercantes e buques pesqueiros de bandeira española en situacións de especial risco para persoas e bens poida ser prestada polo persoal das empresas de seguranza, mediante a utilización debidamente controlada do armamento adecuado para cumprir eficazmente cos labores de protección e de prevención que desenvolven legalmente.

A regulación pola Administración do Estado dos servizos de seguranza que poidan prestar, neste ámbito, as empresas privadas e o seu persoal, inscríbese en núcleo esencial da competencia exclusiva en materia de seguranza pública atribuída ao Estado polo artigo 148.1.29.^a da Constitución.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Defensa, por proposta do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de outubro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. Modificación do Regulamento de seguranza privada, aprobado polo Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro.

Un. O artigo 81 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 81. Prestación de servizos con armas.

1. Os vixilantes só desempeñarán con armas de fogo os seguintes servizos:

a) Os de protección do almacenamento, reconto, clasificación, transporte e distribución de diñeiro, valores e obxectos valiosos ou perigosos.

b) Os de vixilancia e protección de:

1.º Centros e establecementos militares e aqueloutros dependentes do Ministerio de Defensa, en que presten servizo membros das Forzas Armadas ou estean destinados ao uso polo citado persoal.

2.º Fábricas, depósitos e transporte de armas, explosivos e substancias perigosas.

3.º Industrias ou establecementos cualificados como perigosos, conforme a lexislación de actividades clasificadas, por manipulación, utilización ou produción de materias inflamables ou explosivas que se encontren en despoboado.

c) Nos seguintes establecementos, entidades, organismos, inmobles e buques, cando así o dispoña a Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil nos supostos non circunscritos ao ámbito provincial, ou as delegacións ou subdelegacións do Goberno, valoradas circunstancias tales como a localización, o valor dos obxectos que hai que protexer, a concentración do risco ou perigosidade, a nocturnidade ou outras de análoga significación:

1.º Dependencias de bancos, caixas de aforro e entidades de crédito.

2.º Centros de produción, transformación e distribución de enerxía.

3.º Centros e sedes de repetidores de comunicación.

4.º Polígonos industriais e lugares onde se concentre almacenamento de materias primas ou mercadorías.

5.º Urbanizacións illadas.

6.º Xoiarías, pratarías ou lugares onde se fabriquen, almacenen ou exhiban obxectos preciosos.

7.º Museos, salas de exposicións ou similares.

8.º Os lugares de caixa ou onde se concentren fondos, de grandes superficies comerciais ou de casinos de xogo.

9.º Buques mercantes e buques pesqueiros que naveguen baixo bandeira española en augas en que exista grave risco para a seguranza das persoas ou dos bens, ou para ambos.

2. Cando as empresas, organismos ou entidades titulares dos establecementos ou inmobles entenden que en supostos non incluídos no punto anterior o servizo deba ser prestado con armas de fogo, tendo en conta as circunstancias que nel se mencionan, solicitarán a correspondente autorización á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, respecto a supostos non circunscritos ao ámbito provincial ou ás delegacións ou subdelegacións do Goberno, que resolverán o procedente, podendo autorizar a formalización do correspondente contrato.»

Dous. O artigo 86 queda substituído polo seguinte:

«Artigo 86. Arma de fogo e medios de defensa.

1. A arma regulamentaria dos vixilantes de seguranza nos servizos que se deban prestar con armas será a que determine o Ministerio do Interior.

2. Os vixilantes de seguranza portarán a defensa que determine o Ministerio do Interior, nos supostos que así mesmo determine o dito ministerio.

3. Cando os vixilantes no exercicio das súas funcións teñan que proceder á detención e inmovilización de persoas para a súa posta á disposición das Forzas e Corpos de Seguranza, o xefe de seguranza poderá dispoñer o uso de grillóns.

4. Nos supostos previstos no número 9 da letra c) do punto 1 do artigo 81 anterior, os vixilantes de seguranza privada poderán portar e usar armas de guerra para a prestación de servizos de protección de persoas e bens, previndo e repelendo ataques, coas características, nas condicións e cos requisitos que determinen, de xeito conxunto, os ministerios de Defensa e do Interior.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento de armas, aprobado polo Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro.*

Un. O artigo 6 queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 6.

1. Considéranse armas de guerra, e en consecuencia quedan prohibidos a súa adquisición, tenza e uso por particulares:

a) Armas de fogo ou sistemas de armas de fogo de calibre igual ou superior a 20 milímetros.

b) Armas de fogo ou sistemas de armas de fogo de calibre inferior a 20 milímetros, cuxos calibres sexan considerados polo Ministerio de Defensa como de guerra.

c) Armas de fogo automáticas.

d) As municións para as armas indicadas nas letras a) e b).

e) Os conxuntos, subconxuntos e pezas fundamentais das armas e municións indicadas nas letras a) a d), así como, se é o caso, os seus sistemas adestradores ou subcalibres.

f) Bombas de aviación, mísiles, foguetes, torpedos, minas, granadas, así como os seus subconxuntos e pezas fundamentais.

g) As non incluídas nas letras anteriores e que se consideren como de guerra polo Ministerio de Defensa.

2. Corresponde ao Goberno, por proposta conxunta dos ministerios de Defensa e do Interior, determinar as armas comprendidas neste artigo que poden ser utilizadas como dotación dos membros das Forzas e Corpos de Seguranza.

3. Non obstante o disposto no punto 1, o Goberno, nos supostos previstos no artigo 81.1.c) 9.º do Regulamento de seguranza privada, aprobado polo Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro, por proposta conxunta dos ministerios de Defensa e do Interior, fixará por orde ministerial os termos e condicións para a tenza, control, utilización e, se é o caso, adquisición por parte das empresas de seguranza privada, de armas de guerra, así como as características destas últimas.»

Dous. O artigo 124 queda substituído polo seguinte:

«Artigo 124.

1. As licenzas C poderán autorizar unha arma das categorías 1.^a, 2.^a 1 ou 3.^a 2, ou as armas de guerra a que se refire o punto 3 do artigo 6 deste regulamento, segundo o servizo que se vai prestar, de conformidade co disposto na respectiva regulación ou, no seu defecto, de acordo co ditame emitido pola Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de outubro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA